



NOTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DE 42 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

O tribunal cualificador das probas para a selección de 42 prazas de bombeiro-condutor decidiu na súa reunión de data 07.04.2026 repetir a proba establecida nas bases e denominada “exercicio de axilidade: test de barrow”.

Durante a celebración da mesma e debido á errónea interpretación das bases por parte dos asesores externos designados ao efecto, árbitros da Federación Galega de Atletismo, e a súa posterior aplicación á hora de valoralas, tivemos que adoptar esta decisión xa que afecta a todos os opositores e non é posible discriminar aos que están aptos daqueles que terían que repetir a proba.

Das dúas persoas que cronometraban a proba só un medía o tempo total e o outro o descanso de 5 segundos, sendo obrigatorio segundo as bases que como mínimo houbera dous cronometradores medindo a totalidade do tempo empregado polos opositores no test de Barrow e calcular a media de ambos os tempos. Por outra banda, o comezo do segundo recorrido non foi igual nas tres estacións para todas as persoas opositoras.

Tamén se aplicou de xeito erróneo a opción de repetir o test, que só se permitía en caso de realizar o primeiro intento nulo, pero non por exceder o tempo de execución e, por superar o tempo de execución, permitiuse un segundo intento aos opositores que non tiñan dereito e terían que estar descualificados.

Todo elo sen prexuízo de dar resposta a cantas alegacións se presenten, publícase esta nota atendendo aos principios de transparencia, igualdade entre as persoas opositoras e seguridade xurídica.

O Presidente do Tribunal.